



# **Concello de TABOADA**

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

## **CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE TABOADA. PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA PARCIAL (50%)**

### **1º EXAME TIPO TEST**

Consistirá en contestar 40 preguntas e 5 de reserva durante o período máximo dunha hora (só unha resposta é correcta). A proba será cualificada de 0 a 10 puntos

#### **NOME E APELIDOS.-**

(deberá asinar en todas as follas)

#### **D.N.I:**

#### **1.- A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais:**

- a) Como o conxunto coordinado de prestacións e programas destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega
- b) Como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega
- c) Como o conxunto coordinado de prestacións destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega

#### **2.- O sistema galego de servizos sociais rexerese, entre outros, por un principio no que no desenvolvemento dos servizos sociais deberá tenderse o mantemento das persoas no seu contorno persoal, social e familiar, procurando a súa inserción social e sen menoscabo do dereito a diferenza. ¿A que principios se refire?**

- a) Descentralización e proximidade
- b) Integración e normalización
- c) Acción integral e personalizada

#### **3.- O sistema galego de servizos sociais estrutúrase:**

- a) En forma de rede



- b) En disposición vertical
- c) En disposición horizontal

**4.- Segundo o decreto 15/2010 de 4 de febreiro e a orde de 2 de xaneiro de 2012, tramitarase o procedemento de valoración de dependencia e o dereito ás prestacións, por prelación dos expedientes en situación de emerxencia social, nas seguintes situacións.**

- a) Unha situación de desamparo e abandono
- b) Malos tratos físicos ou psíquicos
- c) Todas son verdadeiras

**5.- Segundo o art.4 da Lei 13/2008 de 13 de decembro, non é un principio básico polo que se rexerá o sistema galego de servizos sociais:**

- a) Prevención
- b) Responsabilidade pública
- c) Inclusión activa solidaria

**6.- Que é a planificación en servizos sociais?:**

- a) Unha técnica de acción que tende a obter un resultado determinado mediante unha intervención deliberada
- b) Determinar os núcleos de intervención
- c) A valoración profesional da situación problema

**7.- O art. 96 da Lei de servizos sociais de Galicia, refírese ás sancións aplicables a persoas usuarias dos servizos sociais. De conformidade co artigo, sinala cal de estas respostas non é correcta.**

- a) As infraccións leves poderán sancionarse con apercibimento público.
- b) As infraccións moi graves poderán sancionarse coa revogación da adxudicación da praza pública, temporal ou definitivamente
- c) As infraccións moi graves poderán sancionarse coa inhabilitación para o acceso e/ou percepción de axudas ou subvención públicas por un período non superior a doce meses



## **Concello de TABOADA**

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

**8.- A aplicación informática da Ficha Social deseñada co obxecto de conseguir unha utilización sinxela e áxil da información, recibe o nome de:**

- a) MATIASS
- b) SIUSS
- c) SIGAD

**9.- Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:**

- a) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social, institucionalización das persoas dependentes, mellorar a calidade de vida e potenciar o voluntariado
- b) Mellorar a calidade de vida , potenciar a autonomía persoal, previr situacións de dependencia, reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado
- c) A regulación xeral do servizo desenvolto por entidades públicas

**10.- Segundo o contemplado na normativa vixente, as persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne axuda no fogar na correspondente resolución de PIA, o acceso ao servizo de axuda no fogar, producirase de acordo co seguinte procedemento:**

- a) Os concellos procederán a dar a alta de forma inmediata
- b) Os concellos procederán a dar as altas de acordo co baremo socio económico establecido no regulamento de réxime interno de cada Concello
- c) Os concellos procederán a dar a alta coa orde de prelación establecida no PAR e sempre que a entidade local teña dispoñibilidade horaria para a súa atención

**11.- Non son motivados acordo co art.35 da Lei, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos cando:**

- a) Limiten dereitos colectivos dos cidadáns
- b) os actos que limiten dereitos subxectivos
- c) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados

**12.- Na Constitución Española de 1978, no seu art.49 establece:**



## **Concello de TABOADA**

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- a) Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia e a protección integral dos fillos, con independencia da filiación e das nais, calquera que sexa o seu estado civil, nacionalidade ou relixión
- b) Os poderes públicos garantirán mediante pensións actualizadas e adecuadas segundo o índice de prezos o consumo, a suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade
- c) Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensorias e psíquicos aos que prestará a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o desfrute dos dereitos que este título outorga aos cidadáns

### **13.- A Xunta de Goberno Local existirá en tódolos municipios:**

- a) De menos de 5.000 habitantes
- b) De máis de 5.000 habitantes
- c) É obrigatoria sempre

### **14.- como se estrutura o sistema galego de servizos sociais:**

- a) Servizos de atención primaria e servizos de atención especializada
- b) servizos comunitarios e servizos sociais especializados
- c) Servizos sociais comunitarios básicos, servizos sociais comunitarios específicos e servizos sociais especializados

### **15.- Cal das seguintes funcións lle corresponde aos servizos sociais específicos?**

- a) A información, orientación e o asesoramento de toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais
- b) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou risco de exclusión que se desenvolve a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal
- c) valorar, diagnosticar e intervir perante situacións que requiran unha alta especialización técnica e normalmente interdisciplinar.

### **16.- Sinale a resposta incorrecta: é obrigatoria a emisión dun informe social cando:**

- a) Así se estableza nunha norma, sexa cal sexa o seu rango normativo



b) Se solicitan a través doutros profesionais ou órganos da administración, que traballen en servizos de asistencia privada con responsabilidade de xestión de programas públicos.

c) Se o solicita o interesado, aínda que non exista historia social previa, sempre que sexa necesario para achegar a unha solicitude que vai presentar ante a Administración.

**17.- As resolucións denegatorias por non atoparse nunha situación de dependencia ao non acadar o solicitante ningún dos graos establecidos, levará consigo a:**

- a) Limitación temporal dun ano para formular unha nova solicitude
- b) Limitación temporal de dous anos para formular unha nova solicitude
- c) Limitación temporal de seis meses para formular unha nova solicitude

**18.- Con respecto ás atencións de carácter básico do SAF, non estarían incluídas:**

- a) Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal
- b) Servizo de podoloxía
- c) Coidados e mantemento básico da vivenda

**19.- Sinale a resposta incorrecta. Son obxectivos do MATIASS os seguintes:**

- a) Ubicar a práctica dos Servizos Sociais no marco dos procedementos habituais e normas da Administración
- b) Ofertar aos técnicos unha guía de recursos e prestacións relacionados cos Servizos Sociais actualizada e manexable
- c) Utilizar recursos existentes e identificar os non existentes

**20.- Que modifica a Lei 8/2016 de de o de xullo da Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia**

- a) Os dereitos e deberes dos cidadáns
- b) Programas e servizos sociais comunitarios básicos
- c) As formas de prestación de servizos sociais

**21.- As axudas de Inclusión Social:**



## **Concello de TABOADA**

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- a) Son prestacións económicas periódicas destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes
- b) Son prestacións económicas non periódicas
- c) Son prestacións económicas ordinarias

### **22.- Quen poderá solicitar o recoñecemento da situación de dependencia:**

- a) Aquelas persoas que residan en territorio español, e telo feito durante tres anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores a data da solicitude.
- b) Aquelas persoas que residan en territorio español, e telo feito durante catro anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores a data da solicitude.
- c) Aquelas persoas que residan en territorio español, e telo feito durante cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores a data da solicitude.

### **23.- A personalidade xurídica dos municipios segundo a Constitución Española, é:**

- a) Plena
- b) Propia
- c) Depende da súa Autonomía

### **24.- Quen certifica os acordos plenarios?**

- a) O Alcalde
- b) O Secretario
- c) O secretario do Alcalde

### **25.- un dos requisitos xerais de acceso á RISGA é:**

- a) Estar empadroado en calquera dos concellos de C.A. galega, polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude
- b) Estar empadroado en calquera dos concellos de C.A. galega, polo menos durante o ano anterior á presentación da solicitude
- c) Estar empadroado en calquera dos concellos de C.A. galega

### **26.- cales son os principios básicos do traballo social que recolle o código deontolóxico do traballo social?**



## **Concello de TABOADA**

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- a) Xuízo de valor, solidariedade e autonomía
- b) Dignidade, liberdade e igualdade
- c) Respetto, aceptación e universalidade

**27.- Segundo o artigo 21 de la LRJ-PAC a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en tódolos procedementos e a notificala. Cando a norma reguladora dos procedementos non fixen o prazo máximo para recibir dita notificación, este será de:**

- a) Un mes
- b) Dous meses
- c) Tres meses

**28.- A Renda de Inclusión de Galicia será incompatible:**

- a) Cas pensións non contributivas ou con calquera prestación ou pensión de contía unicamente superior a de ditas pensións
- b) Para aquelas persoas que teñan a idade mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación
- c) As respostas a) e b) son correctas

**29.- Segundo o artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia son principios xerais dos servizos sociais, entre outros, os seguintes:**

- a) Universalidade, prevención, responsabilidade pública, igualdade
- b) Dicrecionalidade, globalidade, solidariedade, equidade e equilibrio territorial
- c) Centralización, proximidade, acción integral e personalizada

**30.- As actuacións de carácter doméstico do servizo de axuda no fogar son:**

- a) Aquelas actividades e tarefas que están dirixidas a fomentar hábitos de condutas e adquisición de habilidades básicas
- b) Aquelas actividades e tarefas cotiás que fundamentalmente recaen sobre o propio destinatario, dirixidas a promover o benestar.
- c) Ningunha é correcta



### **31.- Cales son os potenciais usuarios do Servizo de Axuda no Fogar?**

- a) Persoas maiores dependentes
- b) familias con algún membro cunha doenza crónica que limita a súa independencia funcional
- c) Todas son correctas

### **32.- Para a continuidade da percepción da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), a persoa titular do dereito, deberá:**

- a) Cumprir cos acordos reflectidos no seu proxecto de inserción
- b) Facilitar os datos respecto a súa situación persoal e familiar
- c) Destinar o importe da prestación ó motivo que deu lugar a súa concesión

### **33.- Segundo o disposto no título VIII, as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas materias que se relacionan no art. 148. Sinale a resposta que sexa correcta:**

- a) Xestión en materia de protección do medio ambiente
- b) Asistencia Social
- c) Ambas son correctas

### **34.- A Lei de promoción á autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece un catálogo de servizos entre os que figuran:**

- a) Servizo de información, orientación e asesoramento sobre a situación de dependencia e autonomía persoal
- b) Servizo de prevención das situacións de dependencia e a autonomía persoal
- c) Servizo de acompañamento no fogar

### **35.- Os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as súas funcións de maneira estruturada, por medio dos seguintes programas:**

- a) Programa valoración, orientación e información, SAF, servizo de educación e apoio familiar, programa básico de inserción social, programa de fomento de cooperación e solidariedade social





- b) Programa valoración, orientación e información, SAF e calquera outro programa contemplado unha área de ámbito de traballo social
- c) Programa valoración, orientación e información, SAF, servizo básico de inserción social, e programa de educación e apoio familiar

**36.- Segundo se dispón no art. 45 da lei de servizos sociais de Galicia, o plan estratéxico de servizos sociais, elaborárase:**

- a) Cada 2 anos
- b) Cada 4 anos
- c) Cada 6 anos

**37.- Que obxectivos persegue a avaliación?**

- a) Medir o grao de idoneidade, efectividade, eficacia, facilitar o proceso de toma de decisións e servir como fonte de teoría
- b) validez, obxectividade, fiabilidade, practicidade e oportunidade
- c) Consecución dos obxectivos, a introducción de modificacións e a comparación de resultados

**38.- Segundo o establecido no Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, o servizo de educación e apoio familiar perseguirá os seguintes obxectivos:**

- a) Favorecer a integración, promoción e participación das familias en tódolos ámbitos da vida comunitaria
- b) promoverá espazos de encontros de nais e pais enfocados a formación compartida
- c) ambas respostas son correctas

**39.- Un dos requisitos para poder solicitar unha pensión de invalidez non contributiva é:**

- a) Residir legalmente en territorio español polo menos dous anos inmediatamente anteriores a data da solicitude
- b) Residir legalmente en territorio español polo menos dez anos dende que naceu, dos cales dous deben ser inmediatamente anteriores a data da solicitude



c) Residir legalmente en territorio español polo menos cinco anos dende que naceu, dos cales dous deben ser inmediatamente anteriores a data da solicitude

**40.- Segundo a art. 44 do decreto 15/2010 de 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o programa de asignación de recurso (PAR), establecerá a prelación de acceso mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios:**

- a) A igual grao de dependencia, terase en conta a menor capacidade económica
- b) A igual grao de dependencia, terase en conta a posible inexistencia de rede social de apoio
- c) A maior grao de dependencia. A igual grao de dependencia, terase en conta a non percepción doutra prestación ou servizo

**PREGUNTAS DE RESERVA.-** deberá contestar tamén para puntuar no caso de anulación dalgunha das preguntas anteriores

**1.- Os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local, están:**

- a) Referenciados a un territorio e poboación determinados
- b) Son o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais
- c) Ambas respostas son correctas

**2.- De cantos títulos consta a Lei que regula os Servizos Sociais en Galicia**

- a) 8
- b) 9
- c) 10

**3.- Os interesados poderán entender desestimadas por silencio administrativo**

- a) Cando impliquen exercicio de actividades que podan dañar o medio ambiente
- b) Nos procedementos de impugnación de actos e disposicións
- c) Todas son correctas

**4.- Nun procedemento administrativo , no período de información pública, o prazo para formular alegacións segundo a Lei 39/2015, non poderá ser inferior a:**



## **Concello de TABOADA**

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: [concello.taboada@eidolocal.es](mailto:concello.taboada@eidolocal.es)

- a) Dez días
- b) Vinte días
- c) Un mes

**5.- A falta reiterada de pagamento do servizo de axuda no fogar é un motivo de extinción do mesmo?**

- a) Si
- b) Non
- c) sempre que se den outras causas acompañadas